

Decálogo da prevención de accidentes



1. Os accidentes son unha das causas máis frecuentes de morte en nenos. Están entre as tres primeiras causas en menores de 14 anos. A maioría de accidentes son evitables. Poderíase facer algo para que non acontecesen. **En caso de emerxencia chama o 112.**

2. En cada idade a forma de previlos é diferente. Nos nenos pequenos a casa ha de ser un espazo seguro e vixiado polos adultos. Non deixes nunca só na casa a un neno pequeno. Aos nenos maiores hai que ensinalos a protexerse.

3. Na casa: protexe as ventás con reixas ou peches de seguridade e non poñas cadeiras nin mobles baixos diante. Pon varandas nas escaleiras. Protexe os enchufes, estufas e braseiros. Usa os lumes de detrás na cociña. Non cociñes co neno nos brazos. Ten coidado coa temperatura da auga do baño e non deixes sós os nenos pequenos na bañeira. Protexe as esquinas de mesas e mobles. Ponlles topos ás portas...

4. Cos obxectos que os rodean tmén se accidentan. Poden: caer do cambiador, a trona ou a cadeira de paseo. Atragoarse con partes pequenas de xoguetes ou cun globo. Tragar unha pila de botón. Revisa os xoguetes, envoltorios e outros obxectos cos que xogan os nenos. Consulta a Guía de seguridade de produtos infantís: produtos potencialmente perigosos:

www.mssi.gob.es/va//profesionales/saludPublica/prevPromocion/Lesiones/GuiaSegProductosPeligrosos.htm

5. Os medicamentos e tóxicos: non os deixes onde un neno poida alcanzalos. Non lle digas que os medicamentos son caramelos. Usa sempre o medidor do xarope en vez de culleres do xogo de cubertos. Nunca gardes produtos de limpeza ou tóxicos en envases de auga ou refresco, os nenos poden bebelo! Non dubides en chamar ao **teléfono de información toxicolóxica: 915 620 420** se o neno tomou algo.

6. Noutras casas e lugares onde o neno acuda con frecuencia: na casa dos avós, doutros familiares, na gardaría, na escola. Asegúrate de que en todas elas o contorno é seguro.

7. No coche: utiliza sempre e correctamente unha cadeira ou sistema de retención homologado e axeitado ao seu peso e estatura. Ha de estar ben instalada. Non debe haber folgas entre o cinto e o corpo do neno, por iso é mellor que non leve postas pezas de roupa grosas. Se van en transporte escolar, deberían levar sistemas de retención. Dálle bo exemplo poñendo o cinto sempre.

8. Nos espazos de ocio: o parque, polideportivos, prazas, os bambáns, xogos, porterías, deben estar ben ancorados e cumprir coas normas de seguridade. O chan nos espazos para nenos pequenos debe ser de materiais brandos.

9. En bicicleta ou andando: ponlle o casco para montar en bici, e dálle bo exemplo poñéndoo ti tamén. Se prudente e paciente e ensínalle a cruzar a rúa correctamente tanto en bici como andando.

10. En piscinas, praias e outras zonas de baño: non perdas de vista os nenos pequenos. As piscinas privadas deben ter valos por todos os lados e manter a súa porta pechada cando non estea un adulto vixiando.

